

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 22 DE SETEMBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a cesión, en réxime de comodato, dunha colección documental de Carlos Casares Mouriño.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de homologación sanitaria.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, o Castro de Baroña no termo municipal de Porto do Son (A Coruña).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que aproba definitivamente o proxecto sectorial de ampliación do vertedoiro da Areosa, no concello de Cerceda, promovido por Sogama.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto denominado Parque Eólico Ampliación Fontesilva (concellos de Coristanco e Santa Comba), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a mellora da aprendizaxe de idiomas por un importe total dun millón trescentos cincuenta e nove mil, cento vinte e nove euros (1.359.129 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, do servizo de técnicas de terapia respiratoria a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe de vinte e un millóns catrocentos oito mil setecentos corenta euros con trinta céntimos (21.408.740,30 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- Informe sobre a acomodación da representatividade sindical nos ámbitos sectoriais de sanidade, xustiza e educación. Primeira fase do plan de axuste.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña de vacinación fronte á gripe estacional 2011.

A XUNTA IMPULSARÁ OS MEDIOS ELECTRÓNICOS NOS SEUS REXISTROS PARA SIMPLIFICAR A RELACIÓN DOS CIDADÁNS COA ADMINISTRACIÓN

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá un decreto que regula a organización e o funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais galegas, para os efectos de impulsar a utilización de medios electrónicos baixo criterios de simplificación administrativa.

A publicación deste novo decreto vai afectar a estruturación das oficinas de rexistro, os procesos de traballo e o ámbito de admisión dos escritos. Neste sentido, determínase como principal novidade o establecemento dun sistema único de rexistro, que constará de oficinas de rexistro presenciais e mais dun rexistro electrónico. O rexistro presencial estará integrado por un rexistro xeral e pola rede actual de rexistros, que serán auxiliares do anterior.

O novo modelo permitirá unha unificación total, abranguerá todo o sector público, ofrecerá un maior control, seguridade e rapidez para o usuario e redundará na política actual de "cero papel". Entre os seus puntos clave, a diferenza do modelo anterior, destaca que agora haberá unha aplicación informática común cunha numeración única para todos os asentos de entrada e saída.

Ademais, amplíase o abano de admisión, que pasa a incorporar todas as entidades que conforman o sector público autonómico ao abeiro da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga). De igual xeito, recollerá as entidades da Administración local, as universidades e institucións da Comunidade Autónoma galega; así como as entidades con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei, sempre que opten pola inclusión no sistema único de rexistro, tras a sinatura dun convenio de colaboración coa Xunta.

Dixitalización dos documentos

Doutra banda, co novo decreto regulase a incorporación de medios electrónicos nos rexistros presenciais, que permitirán a conversión en dixital da documentación en papel presentada polos cidadáns e a posterior transmisión telemática desta desde as oficinas de rexistro ás unidades tramitadoras. Ademais da dixitalización dos documentos, tamén se regula a compulsa electrónica dos orixinais en papel.

Por último, o texto tamén establece a regulación do Rexistro electrónico, que permite a presentación ou remisión de calquera solicitude, escrito ou comunicación a través de medios electrónicos. A través deste rexistro o cidadán poderá presentar a súa documentación durante as vinte e catro horas do día, todos os días do ano.

No marco da implantación progresiva dos medios electrónicos nas actividades de rexistro, a Xunta fará unha serie de achegas trianuais (2011-2013) que se enmarcan na liña estratéxica de “mellora de servizos públicos” da Axenda Dixital 2014, e que terán un importe de máis de 20 millóns de euros. Está previsto que o proceso estea concluído a finais de 2013.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACEPTA A CESIÓN DO FONDO BIBLIOGRÁFICO E DOCUMENTAL DE CARLOS CASARES PARA O SEU USO NA BIBLIOTECA E O ARQUIVO DE GALICIA

- ***A Consellería de Cultura e Turismo será a beneficiaria da cesión, en réxime de comodato gratuíto, que terá unha duración de trinta anos. O obxectivo é promover o estudo do fondo bibliográfico e documental, fomentar, difundir e estender o coñecemento xeral do patrimonio cultural galego e a formación de investigadores.***
- ***A colección documental está composta por aproximadamente 6.000 volumes de obras de variada temática e tipoloxía e un arquivo particular composto por manuscritos e mecanoescritos orixinais das súas novelas, contos, artigos, ensaios, discursos, recortes de prensa, correspondencia recibida e documentación relativa ao desempeño da súa faceta profesional e institucional.***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se acepta a cesión, en réxime de comodato do fondo bibliográfico e documental de Carlos Casares co obxecto de que a Consellería de Cultura e Turismo os utilice na Biblioteca e no Arquivo de Galicia. O comodato, é esencialmente gratuíto e terá unha duración de trinta anos co fin de promover o estudo do fondo bibliográfico e documental, fomentar, difundir e estender o coñecemento xeral do patrimonio cultural galego e a formación de investigadores. A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

O fondo bibliográfico e documental de Carlos Casares é de interese para a Consellería de Cultura e Turismo, xa que achega numerosos e importantes fondos bibliográficos e novidades e valiosos fondos documentais que constitúen unha achega cultural de incalculable valor para a sociedade galega en xeral e para a Biblioteca de Galicia en particular, á cal lle corresponde velar pola conservación e difusión do patrimonio bibliográfico de Galicia. A Consellería de Cultura e Turismo difundirá de maneira permanente e mediante as canles habituais a composición do fondo bibliográfico e documental, así como os requisitos e facilidades para acceder ao el por parte de estudosos e investigadores.

Esta cesión implica a utilización dos fondos bibliográfico e documental para a investigación e a súa difusión de maneira permanente. Do mesmo xeito, a Fundación Carlos Casares colaborará coa Biblioteca de Galicia no inventariado, catalogación e documentación dos fondos, así como na súa difusión. A colección documental está composta por aproximadamente 6.000 volumes de obras de variada temática e tipoloxía e o arquivo particular composto por manuscritos e mecanoescritos orixinais das súas novelas, contos, artigos, ensaios, discursos, recortes de prensa, correspondencia recibida e documentación relativa ao desempeño da súa faceta profesional e institucional.

Dentro da Biblioteca de Carlos Casares destacan coleccións completas de autores nacionais e estranxeiros, en idioma orixinal e tamén en traducións ao galego e ao castelán. Algúns libros datan dos anos trinta e responden á herdanza familiar, aínda que a maioría do fondo bibliográfico data dos anos 60 e 80 do século XX. Deste fondo achégase o inventario de 3.080 libros que se custodian na *Fundación Carlos Casares* e que constituirán a primeira entrega de material á Biblioteca de Galicia.

O arquivo particular de Carlos Casares está formado por manuscritos e mecanoscritos de novelas, contos, artigos, ensaios, discursos, cartas, conferencias, notas e borradores do escritor, así como por fotografías, recortes de prensa, correspondencia recibida e documentación relativa ao desempeño da súa faceta profesional e institucional. Estes documentos amósanos un Carlos Casares fóra do seu traballo como escritor, isto é, como editor na editorial Galaxia, parlamentario durante a primeira lexislatura do Parlamento de Galicia, académico da RAG, presidente do Consello da Cultura Galega, presidente do PEN Clube de Galicia e como padroeiro de diversas fundacións. No momento actual, este arquivo componse de 102 carpetas e caixas que recollen 6.995 documentos en papel inventariados e 2.477 imaxes das que 1.100 son fotografías positivadas e 1.377 son diapositivas.

Gran produción literaria

Carlos Casares Mouriño é un dos persoeiros máis destacados da cultura galega do último terzo do século XX, que viviu entre os anos 1941 e 2002. Profesor e catedrático de instituto, que destaca en varias facetas da creación, a difusión e a xestión cultural, pero de maneira moi especial no ámbito da creación polo que foi galardoado e recoñecido nos ámbitos cultural e científico.

Como creador literario sobresaíe no campo da novela con obras recoñecidas como *Xoguetes para un tempo prohibido*, polo que recibiu o Premio Galaxia e Premio da Crítica española; *Os escuros soños de Clío*, Premio da crítica galega; *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán*, *Deus sentado nun sillón azul* ou *O sol do verán*. No campo da literatura infantil foi recoñecido por obras tan populares como *A galiña azul* ou *As laranxas mais laranxas de todas as laranxas* e a tradución ao galego da obra clásica de Antoine de Saint Exupéry *O Principiño*. No campo da biografía desenvolveu un amplo traballo de achegamento e estudo á obra e personalidade de figuras capitais da cultura galega como *Ramón Otero Pedraio*, *Manuel Curros Enríquez*, *Vicente Risco*, *Ánxel Fole*, *Martin Sarmiento* ou *Ramón Piñeiro*.

Carlos Casares cultivou tamén o ensaio en traballos como *Hemingway en Galicia* ou un *País de palabras* e foi un colaborador asiduo da prensa galega con columnas xornalísticas de gran éxito, primeiro *Con esta lupa* realizada en La Región de Ourense, e despois con *A ledicia de ler* e *Á marxe* en La Voz de Galicia, polos que recibiu os premios 'Fernández Latorre' e 'Julio Camba'. A Xunta de Galicia recoñeceu a súa importante traxectoria concedéndolle en 1989 o Premio á Creación Cultural.

Ademais de todas estas facetas que o caracterizan como un dos autores galegos máis importantes do último terzo do século XX, recoñecido coa súa elección como membro da Real Academia Glaega, na que ingresou no ano 1978, Carlos Casares desenvolveu outros moi importantes labores nos espazos culturais e políticos de Galicia. Así, durante a legislatura 1982-1986 exerceu de deputado no Parlamento galego desempeñando un importante papel nos debates e na redacción da Lei de Normalización Lingüística, e no campo da xestión cultural destaca, entre outros o seu traballo como director da *Editorial Galaxia* e da revista *Grial* e como presidente do Consello da Cultura Galega desde o ano 1996 ata a súa morte no ano 2002.

A XUNTA ACTUALIZA O DECRETO DE HOMOLOGACIÓN SANITARIA PARA SIMPLIFICAR ESTE TRÁMITE APROVEITANDO OS AVANCES TECNOLÓXICOS DISPOÑIBLES

- ***Reducirase o tempo que lle dedican os profesionais, de xeito que disporán dun tempo adicional no seu horario laboral para dedicar a outras funcións que permitan unha xestión eficiente dos recursos farmacoterapéuticos dispoñibles***
- ***Diminuirá 300.000 consultas médicas ao ano, e suporá arredor de 2 millóns de actos administrativos menos para realizar polos facultativos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de homologación sanitaria dos tratamentos prescritos para establecer unha simplificación no proceso de homologación de certos medicamentos, produtos sanitarios e dietéticos determinados singularmente polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

Neste momento está vixente o Decreto 244/2003, de homologación sanitaria de receitas. A súa actualización considerouse necesaria xa que os avances realizados no sistema IANUS de historia clínica electrónica ofrecen formas máis áxiles de realización da actividade que lles permiten aos profesionais sanitarios reducir a carga burocrática realizando o seu labor con maior eficacia e seguridade e evitando trámites innecesarios aos pacientes. Estímase que uns 300.000 galegos se verán beneficiados por esta actualización.

Así, con esta norma, reducirase o tempo que dedican os profesionais sanitarios –tanto médicos como farmacéuticos- á homologación sanitaria, de xeito que disporán dun tempo adicional no seu horario laboral para dedicar a outras funcións que permitan unha xestión eficiente dos recursos farmacoterapéuticos dispoñibles.

Así, a homologación realizarase en xeral por medios telemáticos e validaranse os tratamentos nun acto único –non en receitas individuais-; os informes de homologación terán por defecto vixencia indefinida; e a validación non requirirá da presenza física do paciente ou representante. Desta maneira, a actualización deste decreto suporá arredor de 2 millóns de actos administrativos menos para realizar polos facultativos.

Mantense, deste xeito, a garantía de que o paciente recibe a medicación adecuada no momento preciso e lógrase un uso racional dos medicamentos e unha prestación farmacéutica de calidade. Ademais, as consultas médicas diminuirán en arredor de 300.000 ao ano.

Aplicación da norma

Este decreto aplícase a certos fármacos, produtos sanitarios e dietéticos incluídos na prestación farmacéutica que, con carácter previo á súa dispensación a través das oficinas de farmacia, requiren dun mecanismo no cal se verifique o cumprimento das condicións de prescrición relativas a eles, o coñecido como visado, como ocorre no caso

dos medicamentos empregados na enfermidade de Alzheimer ou nos pañais de incontinencia de urina.

Así, para a súa prescrición mediante receita oficial, estes deben axustarse ao establecido na súa autorización de comercialización e na súa ficha técnica, e aos demais requisitos ao abeiro da normativa vixente na materia.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL COA CATEGORÍA DE ZONA ARQUEOLÓXICA O CASTRO DE BAROÑA

- ***A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o Decreto polo que se outorga a declaración BIC para o Castro de Baroña, en recoñecemento ao carácter senlleiro deste xacemento como castro costeiro representativo dun tipo de hábitat prehistórico da costa atlántica galega.***
- ***Tras recibir os informes favorables das diferentes institucións, propúxose declarar o Castro de Baroña coa categoría de zona arqueolóxica, por entender que se axusta perfectamente á tipoloxía, entidade e especialidade deste conxunto arqueolóxico, ampliar cara o mar a súa contorna de protección cunha liña equidistante de 200 metros medidos desde o bordo costeiro, e determinar os criterios básicos que deberán rexer as futuras intervencións.***

O Consello da Xunta vén de aprobar a declaración do Castro de Baroña, no concello coruñés de Porto do Son, como ben de interese cultural na categoría de zona arqueolóxica. A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o decreto polo que se outorga a declaración BIC para o Castro de Baroña en recoñecemento ao carácter senlleiro deste xacemento, como castro costeiro representativo dun tipo de hábitat prehistórico da costa atlántica galega, amplamente investigado ao longo do século XX. En total, ocupa unha superficie de 53.733 metros cadrados.

O Castro de Baroña é un dos xacementos máis visitados da comunidade galega e representa un dos mellores exemplos de castro dos chamados costeiros. A localización do xacemento sobre unha punta que se adentra no mar condiciona unhas boas defensas naturais e tamén a súa asociación cunhas formas de vida ligadas ao mar e aos recursos marítimos. O castro configúrase aproveitando a morfoloxía rochosa e abrupta da península sobre a que se asenta.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incoou en abril de 2011 o expediente para a declaración do castro como ben de interese cultural coa categoría de monumento. Con posterioridade, e vistos os informes favorables da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Coruña, da Real Academia Galega de Belas Artes, da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e do Consello da Cultura Galega, propúxose declarar o Castro de Baroña como ben de interese cultural segundo a categoría de zona arqueolóxica, por entender que se axusta perfectamente á tipoloxía, entidade e especialidade deste conxunto arqueolóxico, ampliar cara o mar a súa contorna de protección cunha liña equidistante de 200 metros medidos desde o bordo costeiro e determinar os criterios básicos que deberán rexer as futuras intervencións.

Toda a área delimitada, incluíndo o contorno de protección, conta cun Plan Especial de Protección aprobado polo Concello de Porto do Son co informe favorable da Dirección

Xeral do Patrimonio Cultural. Neste documento figuran determinacións sobre a protección das antigas vías, criterios de futuras intervencións no castro e a ordenación das edificacións que no seu caso se permitan.

No Decreto polo que se declara ben de interese cultural o castro inclúense, ademais, os criterios básicos que deberán rexer as futuras intervencións e que son compatibles co réxime de protección derivado do Plan Especial Municipal. Deste xeito, establécese que mentres non se redacte un Plan Director da zona do Castro de Baroña, no cal se estableza unha estratexia e unha orde de prioridades de intervención no xacemento, as actuacións arqueolóxicas que se poidan levar a cabo deberán estar orientadas a traballos de acondicionamento e consolidación para a súa conservación e posta en valor, remitindo o resto de actuacións á redacción do Plan Director.

Tamén se establece que en toda a zona arqueolóxica, e na súa contorna, deberá manterse a estrutura territorial e as características xerais do ambiente natural e da paisaxe na que se integra o xacemento, protexendo os elementos do patrimonio cultural que contribúen á conformación e caracterización da paisaxe actual (vías tradicionais, rúas, valados, etc...). No texto do decreto tamén se establece que non se poderá instalar publicidade comercial, cables ou antenas e todos aqueles elementos que poidan menoscabar a apreciación do seu xacemento dentro da súa contorna.

Ademais, calquera intervención ou actividade que se pretenda realizar e implique a remoción de terras ou impida a contemplación e gozo do ben protexido deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura e Turismo, sen que, evidentemente, o dito permiso deba precisarse para as actividades extractivas tradicionais ou marisqueo.

Por último, no decreto tamén se sinala que o litoral está incluído dentro da Rede Natura 2000 e parte dos terreos afectados son de dominio público marítimo-terrestre, o que reforza o grao de protección que merece este singular enclave arqueolóxico.

Xacemento altamente valioso

O xacemento do Castro de Baroña érguese no lugar coñecido como punta do Castro, pertencente á parroquia de San Pedro de Baroña, no concello de Porto do Son. É un asentamento prototípico dos enclaves castrexos situados na beira do mar, encabezando a tipoloxía dos denominadas habitualmente pola bibliografía de uso como 'castro marítimo'. O conxunto, formado por estruturas de carácter defensivo, arquitectura doméstica e espazos urbanos libres, constitúe un xacemento altamente valioso para o estudo diacrónico do grupo social que o habitou, presuntamente entre o século IV a.C. e o I d.C., que practicaba unha economía baseada na combinación do aproveitamento agropecuario coa explotación dos recursos marítimo pesqueiros.

Trátase dun poboado fortificado emprazado nunha punta que se adentra no mar e que aproveita o relevo abrupto dos cantís rochosos e a liña da costa como defensas naturais. Os seus construtores reforzaron o istmo cun foxo de catro metros de fondo,

que hoxe en día figura moi colmatado, e unha muralla de 35 metros de longo e 6 metros de ancho. O asentamento foi construído ao abeiro dun grande afloramento rochoso que o protexe do vento Nordés, sobre sucesivas plataformas reforzadas con murallas que conteñen as terras. Estrutúrase nun primeiro espazo delimitado no istmo por unha muralla e foxo, e tres recintos habitacionais que se adaptaron na súa configuración ás condicións topográficas da península sobre a que se asenta. Resulta así unha morfoloxía de socalcos escalonados separados por dúas potentes liñas de muralla e comunicadas por dúas portas, unha das cales dá acceso ao segundo recinto habitacional ou plataforma intermedia, a través dunha monumental escalinata feita en bloques de pedra.

A monumentalidade das súas estruturas defensivas e a existencia de importantes restos de arquitectura doméstica xa postos ao descuberto no seu interior, véñense a sumar aos valores presentes na súa contorna máis próxima, tanto en terra como no mar. Rodea o castro un espazo humanizado dende antigo como evidencia a rede de camiños e parcelaria existentes, que engaden un indubidable valor etnográfico e arqueolóxico ao resto dos valores culturais preexistentes e ao interese científico que suscita. Asemade son de destacar os valores que como enclave natural posúe o lugar e mais a presenza no seu contorno da área de lecer da praia da Area Longa, que posibilita unha visualización especial do xacemento, todo o cal aumenta como recurso cultural e turístico. De feito, a zona xa rexistra hoxe en día un gran número de visitas ao longo do ano e goza dun amplo recoñecemento social.

Descrición da delimitación da zona arqueolóxica

Comezando polo norte, xusto no litoral e seguindo nadirección das agullas do reloxo, a delimitación parte do P1.

P1. (497.578-4.727.255), desde o litoral, cóllese en dirección leste, cruzando a parcela de costa 9200, e continuando polo lindeiro que separa a parcela 95 do polígono 12, do predio 12:93 ao sur ata chegar ao vértice nordeste da parcela 12:93, onde atopa o P2.

P2. (497.649-4.727.269), desde aquí séguese en dirección sueste, atravesando as parcelas 92, 86 e 85 ata chegar ao vértice nordeste da parcela 84, onde se atopa o P3.

P3. (497.753-4.727.087), desde aquí séguese cara ao sur polo lindeiro que deixa a parcela 84 ao oeste e o predio 81 ao leste, ata chegar ao vértice oeste da parcela 105, onde se atopa o P4.

P4. (497.751-4.727.001), continúa-se en dirección suroeste atravesando a parcela 9200 ata chegar ao litoral onde se atopa o P5.

P5. (497.718-4.726.988). Dende aquí cóllese cara ao norte polo litoral bordeando a punta do Castro ata chegar o P1.

Descrición da delimitación do contorno de protección

Comezando polo norte xusto no litoral e seguindo en dirección das agullas do reloxo a delimitación parte do P1.

P1. 497.718-4.727.476, atópase xusto no litoral, desde aquí cóllese en dirección sueste ata chegar ao remate do camiño do Agro da Cova, xusto no vértice NO da parcela 1057, onde se atopa o punto P2.

P2. 497.755 - 4.727.474. Desde aquí cóllese en dirección leste, polo camiño empedrado de Agro da Cova en dirección á estrada AC-550, que vai de Noia a Ribeira, ata chegar a intersección deste camiño co vértice SO da parcela 1266 do polígono 11, onde se atopa o P3.

P3. 498.045-4.727.489, desde aquí cóllese por un camiño actual que sae cara ao sur ata chegar á intersección deste camiño coa esquina NO da parcela 1144, do polígono 11, onde se atopa o P4.

P4. 498.062-4.727.405. Desde aquí cóllese o camiño que sae en dirección leste ata chegar á estrada AC-550, Noia- Ribeira onde se atopa o P5.

P5. 498.152-4.727.385. Cóllese pola estrada en dirección a Ribeira ata chegar á confluencia desta estrada coa camiño de Fonte Mariña, onde se atopa o P6.

P6. 498.257-4.726.626. Desde aquí continuase polo camiño de Fonte Mariña cara ao sur ata chegar á primeira intersección, onde o camiño vira cara ao oeste, xusto no Punto 7.

P7. 498.253-4.726.490, desde aquí séguese polo camiño de Fonte Mariña, cara ao Oeste, cara ao mar, para logo virar cara ao sur ata chegar á intersección deste camiño con outro abandonado que sae cara ao sueste, xusto na intersección entre este camiño e o lindeiro norte da parcela 246, do polígono 12, onde se atopa o P8.

P8. 497.890-4.726.452. Desde aquí cóllese polo camiño que vai cara ao litoral facendo límite coa finca 246 ata chegar ao P9.

P9. 497.839-4.726.405. Desde aquí cóllese en liña recta en dirección oeste, cara ao litoral, ata chegar ao P10.

P10. 497.736-4.726.417. Desde aquí establécese unha liña equidistante de 200 metros medidos desde o bordo costeiro que se adentra no mar e vai bordeando a costa cara ao norte ate a punta Cabra do Medio , onde vira cara ao sur seguindo a liña do bordo costeiro ata enlazar co P1.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA A AMPLIACIÓN DO VERTEDOIRO DA AREOSA, GARANTINDO A SÚA OPERATIVIDADE DURANTE OITO ANOS MÁIS

- ***A superficie da instalación verase incrementada nun 29 por cento e permitirá acoller uns 3 millóns de toneladas de residuos urbanos adicionais***
- ***A ampliación terá lugar na zona sur do vertedoiro e nos propios terreos da empresa, evitando deste xeito recorrer a un procedemento de expropiación, á vez que se posibilita un abaratamento de custos e favorece a súa viabilidade ambiental. Esta actuación, que conta cun orzamento de máis de 10 millóns de euros, concíbese fundamentalmente como unha medida preventiva e soporte do plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020, e isto en tanto en canto non estean a pleno rendemento as novas infraestruturas industriais previstas nel***

Tras superar a correspondente tramitación administrativa para os efectos ambientais e de ordenación do territorio, o Consello da Xunta aproba de forma definitiva o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal mediante o cal se ampliará a superficie do vertedoiro de Sogama na Areosa en 111.556 metros cadrados (un 29 por cento máis), incrementando a súa vida útil nun mínimo de oito anos.

Deste total, 91.468 metros cadrados corresponden á ampliación propiamente dita e os 20.822 metros cadrados restantes ao espazo ao cal se trasladarán as balsas de pluviais, de lixiviados e as depuradoras de augas residuais existentes. Con isto, a superficie global do recinto pasará a ter finalmente 497.169 metros cadrados.

Así, e considerando unha taxa de vertedura anual dunhas 350.000 toneladas de residuos, a instalación poderá albergar finalmente preto de 3 millóns de toneladas adicionais, dando resposta aos graves problemas de capacidade diagnosticados a principios da actual lexislatura e que agoiraban escasos meses de operación ao vertedoiro, poñendo en perigo o servizo prestado aos concellos.

Esta actuación, que conta cun orzamento de 10.308.338 euros, visualízase, ademais, como unha medida preventiva coa que evitar posibles incidencias de futuro, servindo en todo caso como soporte do novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos para o período 2010-2020, e isto en tanto en canto non estean en funcionamento as novas infraestruturas industriais previstas nel e coas que se pretende dar resposta ao principio de proximidade, é dicir, que os residuos se traten preto dos lugares de produción, minimizando as consecuencias ambientais derivadas do transporte.

Deste xeito, a Xunta responde con contundencia ao principio xerárquico que debe rexer a adecuada xestión dos residuos urbanos e que comezaría coa prevención da súa xeración, seguida pola redución da produción nun 10 por cento, o incremento da

reutilización e da reciclaxe ata alcanzar o 30 por cento, e a valorización, material e enerxética, da fracción resto, minorando a vertedura final.

A ampliación terá lugar na zona sur do vertedoiro e nos propios terreos da empresa, evitando a necesidade de recorrer a un procedemento de expropiación, o que implicará unha serie de vantaxes tales como o aproveitamento das actuais depuradoras de augas, balsas e pistas, así como a mellora da estabilidade final da instalación, facendo posible o abaratamento de custos e favorecendo a súa viabilidade ambiental.

Imaxe do vertedoiro actual e da ampliación proxectada no proxecto sectorial



A XUNTA PERMITE UNHA NOVA INSTALACIÓN DE ENERXÍA RENOVABLE COA APROBACIÓN DO PARQUE EÓLICO AMPLIACIÓN FONTESILVA COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- ***O Goberno galego continúa co desenvolvemento dunha estratexia enerxética baseada nas fontes autóctonas máis limpas e no aforro e a eficiencia***
- ***A Consellería de Economía e Industria traballa a prol da recuperación do liderado eólico da Comunidade Autónoma***
- ***O proxecto do Parque Eólico Ampliación Fontesilva contará cun orzamento estimado de 6,7 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto do Parque Eólico Ampliación Fontesilva nos concellos coruñeses de Coristanco e Santa Comba, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal co obxectivo de permitir unha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, supoñendo un novo avance no desenvolvemento deste tipo de enerxías.

Deste xeito, o Goberno galego continúa co desenvolvemento dunha estratexia enerxética baseada nas fontes autóctonas mais limpas e no aforro e a eficiencia.

Neste eido, a Consellería de Economía e Industria traballa a prol da recuperación do liderado eólico da Comunidade Autónoma, coa aprobación dunha nova lexislación que ten achegado gran seguridade xurídica ao sector e máis coa posta en marcha do Plan Re-Forza, ao abeiro do cal se desenvolveu un concurso eólico que se está a converter no maior plan industrial de Galicia, asemade que está a dinamizar todas as tramitacións e iniciativas relativas á industria eólica.

O Parque Eólico Ampliación Fontesilva ten sido aprobado como proxecto de incidencia supramunicipal, porque ademais de asentarse en varios termos municipais, trátase dunha instalación que pola súa magnitude e importancia transcende aos concellos nos que se localiza. Este proxecto contará cun orzamento estimado de 6,7 millóns de euros para a instalación dunha potencia de 7,2 megavatios e catro aeroxeradores.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ASINA O NOVO CONVENIO PIALE PARA A FORMACIÓN LINGÜÍSTICA DE ALUMNADO E PROFESORADO

- ***O Plan Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PIALE) dá continuidade ao ao Plan de Apoio á Ensinanza e Aprendizaxe das Linguas Estranxeiras (PALE)***
- ***O importe total deste novo plan destinado á mellora das competencias en linguas estranxeiras ascende a case 1.360.000 euros***
- ***O PIALE permitirá a 160 profesores e 120 alumnos mellorar as súas competencias lingüísticas no estranxeiro***
- ***Incorpóranse 87 novos auxiliares de conversa estranxeiros a centros de ensino galegos***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asina un convenio que busca a formación integral do alumnado a través do novo Plan Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PIALE) que dá continuidade ao anterior programa de estadías formativas do profesorado, ademais de incorporar un novo programa para a realización de estadías formativas por parte do alumnado. O importe total destinado ao PIALE ascende a preto de 1.360.000 euros.

Tamén se engade un programa de acompañamento en linguas estranxeiras en centros de educación primaria que non teñan a consideración de plurilingües e un programa de incremento de auxiliares de conversa.

Cómpre recordar que o departamento educativo da Xunta de Galicia, dirixido por Xesús Vázquez Abad, leva desde o ano 2009 potenciando a ensinanza e uso das linguas a través do Plan de Apoio á Ensinanza e Aprendizaxe das Linguas Estranxeiras (PALE), coa finalidade de mellorar a competencia profesional do profesorado especialista en linguas estranxeiras e do profesorado que imparte outras materias en linguas estranxeiras por medio de estadías formativas no exterior.

Deste xeito os beneficios que achega este novo plan (PIALE) engadiranse aos xa prestados polo Plan de Apoio á Ensinanza e Aprendizaxe das Linguas Estranxeiras (PALE).

Novo convenio

Con este novo convenio dáse continuidade ao Programa de estadías formativas do profesorado no estranxeiro e incorpórase un novo programa para realización de estadías formativas por parte do alumnado coa finalidade de mellorar a competencia na utilización activa de, polo menos, unha lingua estranxeira.

Así a Consellería financiará durante o curso 2011-2012, grazas a este novo plan, 160 estancias máis para a formación do profesorado especialista en linguas estranxeiras ou profesorado que imparte contidos en linguas estranxeiras, incidindo no contacto coa lingua correspondente a través das estancias formativas no exterior. Tamén se

engadirán 120 estancias formativas do alumnado de ensinanza secundaria e bacharelato que non participan na Rede de Centros Plurilingües nin nas seccións bilingües, que se engadirán ás ofertadas polo PALE, co fin de contribuír ao desenvolvemento da competencia en linguas estranxeiras e reforzar as destrezas orais.

Desenvolverase o programa de acompañamento escolar en lingua estranxeira durante o novo curso en 35 centros de educación primaria que non forman parte da Rede de Centros Plurilingües ou con seccións bilingües e que se atopan situados en zonas en que as oportunidades de contacto con linguas estranxeiras sexan menores. Esta iniciativa procura o apoio e reforzo, en horario extraescolar, para mellorar a adquisición das destrezas de comprensión auditiva e expresión e interacción oral.

Por último, grazas ao novo PIALE incorporaranse 87 auxiliares de conversa estranxeiros máis, destinados a centros galegos para o reforzo da práctica lingüística do alumnado, que se engadirán aos que se atopan dentro do marco do PALE.

Obxectivos

Con este tipo de actuacións, a consellería busca mellorar, de xeito integral, as competencias orais e metodolóxicas do profesorado e ao mesmo tempo do alumnado. A finalidade é a mellora da competencia activa dos alumnos do sistema educativo, cando menos nunha lingua estranxeira, incidindo na comprensión auditiva e na expresión oral daqueles centros que non contan con programas de plurilingüismo, e en xeral mellorar globalmente e de xeito eficaz o proceso de ensino e aprendizaxe en linguas estranxeiras

As estadias formativas procurarán a mellora na fluidez do profesorado galego no idioma estranxeiro e, por conseguinte, as destrezas orais do alumnado saíran reforzadas. Por outra parte o programa de acompañamento escolar en lingua estranxeira reforza a aprendizaxe da primeira lingua estranxeira incidindo na comprensión auditiva e na expresión oral, desde idades temperás. O obxectivo último é a mellora das competencias orais e metodolóxicas do conxunto do profesorado e alumnado.

Outras actuacións

O PIALE súmase ao resto de propostas postas en marcha pola consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para todos os galegos e galegas, en todos os ámbitos sociais.

As propostas máis destacadas neste ámbito son programas como os cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE), o Programa PALE, as seccións bilingües e os centros plurilingües, que suman xa un total de 110 en toda Galicia, o que vén demostrar a importancia e o interese que suscita o dominio destas linguas por parte do conxunto da poboación.

A óptima implantación destas accións permitirá a mellora global das competencias idiomáticas tanto do alumnado como do profesorado, aspirando á excelencia educativa e contribuíndo á mellora progresiva do sistema educativo galego.

O SERGAS DESTINARÁ 21 MILLÓNS DE EUROS A SERVIZOS DE TERAPIA RESPIRATORIA A DOMICILIO

- ***Os tratamentos que se inclúen nesta medida inclúen a oxixenoterapia, a ventilación mecánica, o tratamento da apnea do sono e a aerosolterapia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación de servizos de técnicas de terapia respiratoria a domicilio en Galicia, co obxectivo de dar cobertura asistencial á poboación que precisa destes servizos.

O Servizo Galego de Saúde destinará 21.408.740,30 euros á licitación deste servizo para un período de 2 anos desde a formalización do contrato. Os tratamentos que inclúe esta contratación son a oxixenoterapia –con cilindro ou bombona, con concentradores ou oxíxeno líquido-, a ventilación mecánica -bipap espontánea ou controlada e respirador volumétrico-, o tratamento da apnea do sono e a aerosolterapia.

O Sergas formalizará en 2007, para a prestación destas terapias, contratos con varias empresas. Ao estar próximo o remate da súa vixencia, e dado que actualmente persiste a necesidade da prestación destes servizos, é polo que se está a tramitar unha nova licitación.

A XUNTA PON EN MARCHA A SEDE ELECTRÓNICA, UN PUNTO DE ACCESO ÚNICO Á INFORMACIÓN E AOS TRÁMITES DE TODA A ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA SEN CONDICIONANTES DE TEMPO E ESPAZO

- ***De xeito progresivo iranse incorporando ao enderezo <https://sede.xunta>. os mesmos servizos que o cidadán ten á súa disposición a día de hoxe en calquera das ventás das consellerías***
- ***Coa entrada en funcionamento desta canle xorde unha nova forma de realizar as xestións públicas coas máximas garantías de seguridade as 24 horas do día os 365 días do ano***
- ***A sede dispón tamén dunha guía de procedementos e servizos para o cidadán con indicacións como os prazos de resolución***
- ***O usuario poderá consultar a información sobre o estado dos seus trámites a través do Cartafol do Cidadán e disporá dunha epígrafe de queixas e suxestións***

A Xunta pon en marcha mañá a sede electrónica, un punto de acceso único a toda a Administración e ás súas entidades instrumentais a través da rede que, de xeito progresivo, ofrecerá aos cidadáns á mesma información e os mesmos servizos que teñen agora á súa disposición en calquera das ventás das consellerías. Así o informou hoxe a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica no Consello da Xunta.

A sede electrónica é un paso máis dentro das actuacións previstas no Plan de Modernización da Administración autonómica e co que se dá cumprimento á Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Coa entrada en funcionamento desta canle o Goberno autonómico cumpre tamén os prazos recollidos no decreto de Administración electrónica de Galicia 198/2010. Coa sede electrónica xorde unha nova forma de realizar as xestións públicas, sen condicionantes horarios nin de espazo, de xeito gratuíto, coa máxima seguridade e contribuíndo a un uso máis eficiente dos recursos públicos.

A día de hoxe a Xunta conta cuns 1.500 procedementos administrativos de diferentes consellerías e departamentos, dos que uns 120 se poden presentar de xeito telemático. Paulatinamente estes procedementos incorporaranse á sede e calquera novo procedemento que xurda creárase xa para ser presentado de xeito electrónico. Deste xeito avánzase no compromiso do Goberno galego de reducir as cargas administrativas que implican a presentación de trámites en papel. O obxectivo marcado polo Plan de Modernización da Administración é acadar no 2013 o 100% da tramitación en liña dos procedementos administrativos e avanzar cara unha política 'cero papel'.

Progresivamente iranse incorporando ao enderezo <https://sede.xunta.es> os servizos e a información necesaria para que o cidadán poida interactuar por medios electrónicos, durante todos os días do ano e as 24 horas do día, con todos os órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia, para a presentación de solicitudes, escritos e

comunicacións relativas aos diferentes procedementos administrativos abertos por parte deles. Deste xeito o cidadán poderá exercer, en condicións totalmente seguras, o seu dereito de acceso á información e aos servizos electrónicos que o Goberno galego pon á súa disposición na sede.

Desde que accede á sede o cidadán terá a seguridade de que toda a información que intercambia coa Administración está cifrada e o acceso mediante certificado electrónico ou DNI garante a identidade da persoa.

Contidos e servizos

En canto aos contidos e servizos, a sede disporá dun sistema de verificación dos certificados de sede que lle permitirá comprobar ao usuario que os documentos electrónicos xerados nesta canle son auténticos. Isto é posible grazas ao Código de verificación electrónica que informa automaticamente da autenticidade ou non do documento e, de ser o caso, proporciona os datos relativos a este último, entre eles a identificación do seu asinante ou o selo temporal que certifica a súa data de publicación.

A sede dispón tamén dunha guía de procedementos e servizos á disposición do cidadán con indicacións como os prazos de resolución, cales poden ser tramitados parcial ou completamente de xeito electrónico así como os formularios necesarios para cada un deles.

Os cidadáns poderán consultar a información sobre o estado dos seus trámites a través do Cartafol do Cidadán e disporán dunha epígrafe de queixas e suxestións onde interpoñer aquelas cuestións que consideren oportunas.

Tamén terán acceso a través da sede ao Diario Oficial de Galicia á información do taboleiro de anuncios electrónicos da Xunta, aos expedientes sometidos á información pública e á ligazón á plataforma de contratos públicos de Galicia. Ademais, tamén albergará o Rexistro Electrónico da Xunta que será un punto de entrada máis para toda a documentación que o cidadán poida xestionar coa Xunta de Galicia.

Vantaxes para o cidadán

A sede evitará a desorientación do cidadán grazas a un réxime común de tramitación administrativa e a unha estruturación independente de cambios organizativos. Simplifícase a relación entre o cidadán e a Administración, facilitándolle un único interlocutor para os efectos operativos. Ademais, a sede electrónica da Xunta garante o cumprimento do esquema nacional de seguridade e interoperabilidade, unha maior flexibilidade e adaptabilidade ante posibles cambios nos órganos da Xunta e unha maior seguridade, fiabilidade e dispoñibilidade do servizo.

A XUNTA LOGRARÁ UN AFORRO DE PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS AO REDUCIR EN 120 EFECTIVOS O NÚMERO DE LIBERADOS SINDICAIS

- ***Afecta os ámbitos educativo, sanitario e da xustiza e ampliarase con outra redución na Administración xeral da Xunta***

O Consello da Xunta deu conta hoxe das medidas de axuste necesarias para reducir en 120 efectivos o número de liberados sindicais na Administración, o que permitirá acadar un aforro de ao redor de 4 millóns de euros, ao tempo que se mantén un respecto escrupuloso aos dereitos de representación sindical.

De feito, a redución trasladada hoxe ao Consello é froito de meses de traballo e diálogo cos sindicatos, aos cales a Xunta agradece a súa disposición a colaborar, entendendo que na situación actual os esforzos contra a crise deben implicar a todos.

A redución ten plena seguridade xurídica, xa que se respecta o limiar mínimo de horas de representatividade sindical que está recoñecido pola lexislación básica do Estado. O axuste prodúcese despois da celebración das eleccións sindicais, de tal xeito que os cambios estruturais que as centrais terán que realizar tras os comicios coinciden coa posta en marcha deste plan de redución de liberados.

En total, o acordo supón a eliminación de 45 liberados no ámbito sanitario, de 64 no sector educativo e de 11 no ámbito da Administración de xustiza. Ademais, o Goberno galego mantén aberto o diálogo cos sindicatos para levar a cabo unha redución no ámbito da Administración xeral da Xunta, que agarda que tamén se faga efectivo nas vindeiras semanas.

Ademais de supoñer un aforro de preto de 4 millóns de euros en salarios do persoal que debía substituír os liberados, a redución tamén vai permitir incrementar a produtividade na Administración, xa que a volta ao traballo destas 120 persoas traducirase en 18.000 horas laborais cada mes nos xulgados, centros educativos e na rede sanitaria de Galicia. Unha cuestión que repercutirá na mellora dos servizos que se prestan aos cidadáns e permitirá fortalecer a política social.

A medida supón un novo avance na política de austeridade e redución de gasto público posta en marcha polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo, que foi pioneiro en levar a cabo necesarias iniciativas de disciplina orzamentaria e contención, que logo seguiron outras Comunidades Autónomas e o Goberno central, como foron a redución de altos cargos e de gabinetes, a racionalización do parque móbil, as baixadas do gasto corrente e a fixación dun teito de gasto para o vindeiro ano 2012.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE DESTINA 3,7 MILLÓNS DE EUROS Á CAMPAÑA 2011 DE VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE E O PNEUMOCOCO

- *Desenvolverase desde o 3 de outubro ata o 19 de novembro*
- *Poderán vacinarse todas as persoas de 60 ou máis anos e as pertencentes aos grupos de risco*
- *Ás persoas de 75 ou máis anos administraráselles unha vacina adxuvada, cun maior poder inmunógeno e, polo tanto, unha eficacia máis alta*

A Consellería de Sanidade achegará este ano 3,7 millóns de euros á campaña de vacinación fronte a gripe e o pneumococo, que se iniciará o día 3 de outubro e finalizará o 19 de novembro.

Esta campaña manterá as novidades introducidas na campaña do ano pasado: a ampliación en cinco anos da poboación diana (que pasa dos 65 anos aos 60) e a vacinación nas persoas de 75 ou máis anos –e nos maiores de 65 anos ingresados en residencias- cunha vacina adxuvada, que ten un maior poder inmunógeno e, polo tanto, unha eficacia máis alta.

O principal obxectivo desta campaña é diminuír o número e gravidade das complicacións derivadas de padecer a gripe e a morbilidade das enfermidades causadas polo *Streptococo pneumoniae* na poboación de Galicia.

A vacina da gripe ten un importante beneficio, xa que reduce a incidencia desta enfermidade e diminúe a frecuencia de complicacións secundarias e o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nas persoas maiores, con ou sen condicións médicas de risco, e noutras con patoloxías previas.

Persoas de 60 anos ou máis e grupos de risco

Ao longo das semanas que dura a campaña poderán vacinarse todas as persoas de 60 ou máis anos e as pertencentes aos grupos de risco. Inclúense nos grupos de risco da antigripal as persoas con enfermidades crónicas cardiovasculares ou respiratorias, incluíndo asma; persoas institucionalizadas con procesos crónicos; as persoas con enfermidades metabólicas crónicas ou inmunodeficiencias; os nenos e adolescentes -de seis meses ata 18 anos- con tratamentos prolongados de aspirina; as persoas con obesidade mórbida; e as mulleres embarazadas durante a temporada de gripe.

Inclúense tamén na poboación diana os grupos con posibilidade de transmitir a gripe a outras persoas de alto risco, como os traballadores de centros sanitarios e sociais, e tamén as que desenvolven traballos esenciais para a comunidade, como policía e bombeiros; as que pola súa ocupación poden estar en contacto con aves; e os viaxeiros internacionais.